UNIDADE 6: A CULTURA COMA ORDE SIMBÓLICA
Exercicios autoavaliables

ACTIVIDADE 1

"Os nativos australianos e os indios americanos buscaban recompensas desaparecendo na totalidade da Natureza. As súas crenzas estaban baseadas no seu íntimo coñecemento da natureza e dos seus mitos sobre a forma en que eles, a súa sociedade e os seus antepasados, encaixaban no mundo natural. Ás avesas, os pobos industriais e postindustriais actuais buscan recompensas separándose da Natureza, de forma que poidan entendela, controlala e explotala. Fan un dualismo do coñecedor e do coñecido. A cuestión redúcese á forma de entender o universo dende dentro e dende fora. Os científicos están fora. Os nativos están dentro. Cada acercamento ten as súas recompensas e presenta os seus problemas.
Fixádeos en que non digo que os científicos queiran controlar a natureza, iso é outra cuestión, digo que o afán de controlar a natureza é parte da ideoloxía do cientifismo"

BOHANNAN: *Para raros, nós*

"Se todos os animais desaparecesen os homes morrerían a causa dunha grande soidade espiritual. Posto que calquera cousa que lles suceda aos animais tamén lle sucede ao home. Todas as cousas están conectadas. O que lle acontece á terra, sucédelle aos fillos da terra"

Xefe Seathl swanish dirixíndose ao Presidente dos estados Unidos, 1855

"O home, ministro e intérprete da natureza, so fai e entende na medida en que observa pola experiencia ou pola reflexión, a orde da natureza... Pois á natureza non a vencemos senón obedecéndoa"

BACON, Filósofo inglés, principios do XVII.

1.- Como compara o texto de Bohannan as cosmovisións dos nativos australianos e o cientifismo actual?
2.- Explica a idea que transmite o xefe Seathl sobre cosmovisión do seu pobo
3.- Explica a cosmovisión que explicita Bacon sobre o cientifismo moderno

ACTIVIDADE 2

"O meu obxectivo é meditar brevemente sobre a xénese de dous dos símbolos conductores do dominio masculino occidental: o Deus patriarcal e decididamente masculino e a muller sexual, inferior, que tenta ao home na senda da rectitude. A historia que reconstruín inclúe un tema familiar: os sentimentos colectivos céntranse na masculinidade e os símbolos masculinos adquiren poder coercitivo mediante a definición das mulleres como "o outro" e como símbolos femininos do diaño.

Sen dúbida moitos cren que a sociedade secularizada onde vivimos liberounos do poder director de tales símbolos. Non estou de acordo. A teóloga feminista Chist establece claramente o argumento. Os símbolos asociados cos rituais relixiosos do nacemento, o matrimonio e a morte –rituais que todos realizamos- non poden deixar de afectar ás estructuras profundas ou inconscientes da mente, mesmo daquelas persoas que rexeitaron tales simbolismos a un nivel consciente… As relixións centradas na adoración dun Deus masculino crean "modos" e motivacións" que manteñen á muller nun estado de dependencia psicolóxica dos homes e da autoridade masculina"

REEVES SANDAY: *Escritos para o poder feminino*

"Moitos séculos antes da nosa era, o prototipo mítico da concepción e o nacemento de Xesús arraigara en Oriente Próximo. Ao igual que tantas deusas nais –como Deméter, Isis, Astaré, Cibeles e Atagartis-, María deu a luz un deus feito home que morreu por salvar á humanidade, resucitou aos tres días e retornou.

A impresionante veneración que os católicos pasados e presentes senten pola virxe non queda xustificada na Biblia, que a relega á posición secundaria de receptáculo que contivo ao Salvador. … A infinidade de oracións, cánticos, cadros, templos,… que celebran a súa maternidade apuntan á poderosa influencia do arcaico par nai-fillo. É imposible que o relato bíblico inspirase esta devoción popular equivalente á deificación, e o máis probable é que a deusa nai que desempeñara un papel fundamental no culto mediterráneo e celta se introducira na nova teoloxía e perpetuase a súa antiga tradición"

HUSAIN: *A deusa*

1.- Que visión sobre a diferencia entre homes e mulleres transmite a tradición cristiá segundo o texto de Reeves Sanday? A través de qué ideas?
2.- Pensa a autora do primeiro texto que esta simboloxía xa non ten efectos para nós?. Por que?
3.- Con qué outros mitos asocia Husain a adoración á virxe?
4.- Que quere dicir a autora ao escribir "a impresionante veneración que os católicos senten pola virxe non queda xustificada na Biblia"?
5.- Cal pode ser a razón da profunda adoración á virxe entre os católicos?

ACTIVIDADE 3

"Estímase que 500.000 persoas foron declaradas culpables de bruxería e morreron queimadas en Europa entre os séculos XV e SVII. Os seus crimes: un pacto do diaño: viaxes polo aire ata longas distancias montadas en escobas, reunión ilegal en aquelarres, adoración ao diaño, bicar ao diaño baixo a cola...Practicamente todas as sociedades do mundo teñen algún concepto sobre a bruxería, pero a loucura das bruxas europea foi a máis feroz, durou máis tempo e causou máis víctimas que ningún outro brote similar...O significado práctico da manía das bruxas, consistiu en desprazar a responsabilidade da crise da sociedade medieval tardía dende a Igrexa e o estado cara demos imaxinarios con forma humana. Preocupadas polas actividades fantásticas destes demos, as masas depauperadas, alienadas, entolecidas atribuíron os seus males ao descontrol do diaño en lugar de á

corrupción do clero e á rapacidade da nobreza. A Igrexa e o Estado non so se liberaron de toda inculpación, senón que se converteron en elementos indispensables. O clero e a nobreza presentáronse como os grandes protectores da humanidade fronte a un inimigo omnipresente pero difícil de detectar"

HARRIS: *Vacas, porcos, guerras e bruxas*

1.- En que consistiu a caza de bruxas europea?
2.- Cal é o auténtico uso social e político que se deu a este proceso?
3.- Que outra avantaxe supuxo para a igrexa e a nobreza a caza de bruxas ademais de librarse da culpa da situación social?

ACTIVIDADE 4

"Érase unha vez unha persoa de corta idade chamada Carapuchiña Vermella que vivía coa súa nai na linde dun bosque. Un día, a súa nai pediulle que levase unha cesta con froita fresca e auga mineral a casa da súa aboa, pero non porque o considerara unha labor propia de mulleres, atención, senón porque isto representaba un acto xeneroso que contribuía a afianzar a sensación de comunidade. Ademais a súa aboa non estaba enferma; antes ben, gozaba de completa saúde física e mental e era perfectamente capaz de coidar de si mesma coma persoa adulta e madura que era.
Así Carapuchiña colleu a súa cesta e tomou o camiño do bosque. Moitas persoas crían que o bosque... e veuse abordada polo lobo que lle preguntou que levaba na cesta:
- Un saudable aperitivo para a miña avoa que é perfectamente capaz de coidar de si mesma, respondeu
- Non sei se sabes, querida, dixo o lobo, que é perigoso para unha nena pequena percorrer soa estes bosques.
Respondeu Carapuchiña:
- Encontro esa observación sexista e en extremo insultante, pero farei caso omiso dela debido á túa tradicional condición de proscrito social e á perspectiva existencial que a anguria que tal condición te produce te levou a desenrolar. ...

GARNER. *Contos infantís politicamente correctos*

1.- Pensa no conto da Carapuchiña Vermella e pensa que acontecementos diferentes da túa versión se transmiten neste texto
2.- Que visión de Carapuchiña, do lobo e da avoa se transmiten na versión que coñeces
3.- Remata o conto na liña que che ofrece esta versión

ACTIVIDADE 5

"Hai pois algo eterno na relixión que está destinado a sobrevivir a todos os símbolos particulares cos que sucesivamente se recubriu o pensamento relixioso. Non pode haber sociedade que non sinta a necesidade de conservar e reafirmar, a intervalos regulares, os sentimentos e ideas colectivas que lle

proporcionan a súa unidade e personalidade. Pois ben, non pode conseguir esta reconstrucción moral máis que por medio de reunións, asembleas, congregacións nas que os individuos estreitamente unidos reafirmen en común os seus comúns sentimentos; de aí a existencia de cerimonias propiamente relixiosas. Que diferencia esencial existe entre unha reunión de cristiáns celebrando as principais efemérides da vida de Cristo, ou de xudeus festexando a fuxida a Exipto ou a promulgación do decálogo, e unha reunión de cidadáns conmemorando o establecemento dunha nova constitución moral ou algún grande acontecemento da vida nacional?...
Non hai ningún evanxeo que sexa inmortal e non existe razón algunha para crer que a humanidade sexa xa incapaz de concibir un novo. Polo que se refire ao tema de cales serán os símbolos en que se expresará a nova fe, se serán semellantes ou non aos do pasado, se serán máis adecuados á realidade que terán que tentar traducir, é algo que está máis aló das facultades humanas de precisión e que, ademais, non afecta ao fondo das cousas"

DURKHEIM: *As formas elementais da vida relixiosa*

1.- Cal é a idea principal do texto?
2.- Que tres cerimonias de tipo relixioso compara na súa pregunta retórica?
3.- Pensa Durkheim que os rituais relixiosos desaparecerán? Por que?
4.- Cal é a función social que Durkheim atribuíu á relixión?. Repasa os contidos da unidade.
5.- En que formas modernas se mostra a función do relixioso a pesar de ser claramente profanas?

RESPOSTAS

ACTIVIDADE 1

1.- Os nativos americanos e australianos
- buscaban recompensas sentíndose parte da natureza.
- eles mesmos, a súa sociedae e os seus antepasados encaixaban no mundo natural

No cientifismo das sociedades industriais e postindustriais:

- búscanse rescompensas separándose da natureza para dominala
- faise un dualismo entre o coñecedor (o científico) e o coñecido (a natureza)
- faise un dualismo entre dentro (os nativos) e fóra (o científico)

2.- Todo na natureza está conectado, o ser humano forma parte da natureza, e como todo está en relación calquera dano que se produza sobre a natureza o recibe o resto do universo, tamén o ser humano. Transmítese unha idea de respecto polo mundo natural.

3.- O ser humano pode comprender a natureza usando a experiencia e a razón. Este coñecemento servirá para controlala e dominala. Transmítese a idea de que a natureza está agardando a que a ciencia avance para ser dominada completamente polo ser humano.

ACTIVIDADE 2

1.- O dominio masculino occidental. Fundaméntase na figura dun Deus patriarcal e masculino oposto a unha muller sexual, inferior, que tenta ao home que está na senda da rectitude. Defende que as relixións que se centran nun Deus masculino atribúen ás mulleres a consideración de ser dependentes dos varóns.
2.- Pensa que segue a ser poderosa, mesmo para persoas que renunciaron conscientemente a estes símbolos. Obsérvase en que nos rituais do nacemento, do matrimonio e da morte seguen a estar presentes, estes seguen a ser practicados por moitos de nós.

3.- Cos mitos das deusas nais coma Deméter, Isis, Astarté, Cibeles, Atagartis, en xeral as deusas nais do mediterráneo e celtas que tiveron un fillo “especial”. Trátase do mito da concepción e o nacemento.

4.- Na Biblia non ten a virxe ningún protagonismo, xa que é considerada so a portadora do “salvador”, ten un papel secundario, a pesar do cal é a figura máis adorada en templos, oracións, cadros, etc.

5.- Que se transmitira a veneración ás deusas nais anteriores ao Cristianismo e que se introducira na teoloxía perpetuando aquela tradición.

ACTIVIDADE 3

1.- Nun proceso de persecución de persoas que eran acusadas de bruxería. Foi moi intensa entre os séculos XV e XVII, durante os que foron queimadas unhas 500.000 persoas. Foi un proceso de persecución moi longo, moi feroz e causou moitas víctimas.

2.- A Igrexa, o estado e a nobreza teñen interese en que se acuse ás bruxas da crise económica e dos problemas da sociedade, en lugar de ao clero e á nobreza. O pobo atribúe todo mal ao diaño en lugar de aos poderes sociais.

3.- Ademais eran eles os encargados de perseguir e axustizar ás bruxas, polo tanto aos ollos do pobo non só non eran culpables da situación social, senón que eran loados por librar á sociedade do mal imaxinario.

ACTIVIDADE 4

1.- Entre outros:

- Carapuchiña leva á súa avoa outro tipo de alimentos: non doces e mel, senón auga mineral e froita fresca
- Dise explicitamente que estas función non a fai por ser propia de nenas, senón por facer cousas pola comunidade

- A avoa non é unha anciá desvalida, senón unha muller adulta capaz de coidarse por si mesma
- Carapuchiña non se mostra temerosa ante o lobo, senón que lle responde con soltura e valentía
- Carapuchiña non fai caso do que lle di o lobo aínda que tampouco se molesta con el, xa que atribúe o seu comportamento á súa imaxe tradicional de malfeitor que entende que lle cree anguria.

2.- Carapuchiña é vista no conto coma unha nena indefensa e fácil de enganar polo lobo. Leva a comida á súa avoa cumprindo obedientemente o seu rol de nena e o lobo a engana facilmente. A avoa é unha anciá que pode ser facilmente dominada polo lobo, incapaz de axudar á súa neta sen a axuda dun cazador.

3.- As últimas liñas do conto de Garner son as seguintes (imaxina o resto): “Ao escoitar o apaixoado discurso de Carapuchiña a avoa saltou da panza do logo, arrbatou a hacha ao operario madeireiro e cortoulle a cabeza. Concluída a odisea, Carapuchiña, a avoa e o logo creron experimentar certa afinidade nos seus obxectivos, decidiron instaurar unha forma alternativa de comunidade baseada na cooperación e no respecto mutuos e, xuntos, viviron felices nos bosques para sempre”

ACTIVIDADE 5

1.- Durkheim defende que o relixioso sobrevive a pesar de que algunhas relixións poidan declinar porque toda sociedade sinte a necesidade de afirmar os seus valores colectivos a través de actos colectivos (reunións, asembleas, congregacións)
2.- A misa cristiá, o culto xudío ou una reunión de cidadáns celebrando algún acontecemento da historia do país.
3.- Non texto defende que non, os rituais tomarán novas formas, que aínda non coñecemos pero non desaparecerán. Segundo Durkheim a necesidade de conservar os valores existirá sempre en toda sociedade.
4.- A relixión e as súas prácticas afirman o lugar dunha persoa dentro da sociedade a aumentan o sentidmento de comunidade. O adorado nas relixións son as forzas sociais, a lei, a unión social máis que aos deuses.
5.- Ao longo do tema tes visto coma nos deportes, no culto ao corpo, na música, se mostran riscos do relixioso.